

ROTEIRO EN TODO TERRENO “PARAXES DE TERRA DE MONTES: PATRIMONIO E NATUREZA”

TORRES DE MOREDA

Saída do PAZO DE OCA

- Está situado na parroquia de San Estevo de Oca, no concello da Estrada, na provincia de Pontevedra, (Galicia). Encontrase no val do río Ulla, a uns 30 quilómetros ao sudeste da cidade de Santiago. O pazo foi rematado no século XVIII, xunto a unha vella fortaleza medie val. Está composto polo propio pazo, a capela e as vivendas dos traballadores.



Pazo é un dos mais famosos de Galicia polos seus fermosos xardíns, que teñen pontes, árbores pouco frecuentes e, entre outras moitas cousas máis, un estanque con patos e ocas.

Paso polas parroquias de Remesar – Agar, con parada no alto de San Lois onde se poden apreciar magnificas vistas do concello.

Cruzamos a parroquia de Curantes , onde visitaremos a igrexa de Curantes e o Pazo da Nugalla

- Pazo A Nugalla é unha edificación de pedra de granito, resultado de diferentes períodos constructivos, organizada ao redor dun patio pechado ao exterior. As orixes da casa remontanse ao século XVI. Estudos recentes amosan que estivo ligada á Orde de Malta ou de San Xoan de Xerusalén, que empregou este lugar para dar apoio aos peregrinos que se dirixían a Santiago de Compostela pola antiga Ruta da Plata.
- A Igrexa de Curantes está en Curantes Vello, co campanario de tres corpos, único en toda A Estrada, ademais do mais alto.

Seguimos por San Sebastián da Rocha e polo lugar de Baladares (Forcarei) onde atipamos as Brañas de Xestoso e a Lagoa Sacra

- A Lagoa Sacra de Olives ou Lagoa sacra de Xestoso é unha lagoa situada no límite entre o concello de Forcarei, o da Estrada e no de Silleda a 700 metros de



altura, ao seu arredor quedan vestixios da existencia dunha muralla. Na comarca existen antigas lendas que fan relación ao nome da lagoa, que provería dunha batalla na que houbo tantos mortos que os botaron á lagoa amurallandoa deseguido para que non fosen profanados, inda que a realidade pode ser ben máis prosaica e o nome provir do próximo santuario de Santa María de Meda. Desde hai 20 anos, habitualmente a lagoa seca durante o verán, pero en tempos tiña auga durante todo o ano. Forma parte das Brañas de Xestoso, espazo protexido dentro da rede Natura. Preto da lagoa está a mámoa de Boi Morto.

- As brañas de Xestoso constitúen un espazo natural protexido baixo a figura de lugar de importancia comunitaria (LIC), localizado entre os concellos de Forcarei, Silleda e A Estrada. Comprende a lagoa Sacra e os prados e brañas de Xestoso e abrangue unha superficie de 1.077 ha. As brañas de Xestoso comprende diversos ecosistemas, nas matogueiras baixas dominan as ericáceas e as leguminosas higrófilas, nos herbazais dominan as gramíneas, nas turbeiras abundan os liques e os xuncos, nas zonas de transición cara os prados húmidos predominan as queirogas, carqueixas e pereiras. Tamén hai rochedos silíceos e carballeiras. Entre a fauna destaca o miñato, o falcón, a aguia cobreira, o paporroibo, o sisón, a laverca, a cobra de auga, ademais de diversas especies de ras e sapos.

Voltamos ao concello de A Estrada polo lugar de Pardemarín, pasando por Rivela e pola Grela, onde novamente paremos para vistar o Santuario da Grela.

Pasamos por Codesda e a trevesaos o Monte do Montillón, onde podemos admirar as bestas salvaxes que serán rapadas en xullo polos aloitadores de Sabucedo.



En Arca enlazamos co roteiro oficial PGR 42 (un pequeno tramo de sendeiro) até o Monte Cabalar, onde atopamos unha cooperativa adicada a gandería en extensivo.

Pasamos pola Somoza - Ouzande e regresamos de novo A Estrada.

LONXITUDE: 80 KM

DURACIÓN: 1 DÍA

OBSERVACIÓNS: Case toda se desenvolve por camiños de terra e pistas forestais

Época

Puede practicarse en cualquier época del año a excepción de épocas de riesgo de incendios.

Ideal para Grupos de amigos y familias que deseen hacer rutas en su 4x4 por Galicia ó particulares que quieran tener una experiencia de aventura en todoterreno sostenible.

Idiomas Gallego, castellano e inglés.

Accesibilidad Apta para personas con discapacidad visual y auditiva siempre que vayan de acompañantes*

Material necesario Se recomienda llevar ropa y calzado impermeable y crema solar dependiendo de las condiciones meteorológicas.

Alojamiento obligatorio una semana completa

P.V.P. 200 € por 2 personas media jornada

*Precios especiales para grupos

El precio incluye IVA, Actividad, picnic, seguro, uso de rutómetro y gestión de permisos.